

FELIPE BELLO PIÑEIRO, inda que nado no Seixo no ano 1886, desenrolou a súa actividade artística en Ferrol. Si hoxe estamos a falar de pintura de paisaxe galega -de escola de pintura de paisaxe galega- débese maiormente a él. Non soio como orgaizador senón como teórico da pintura galega. Andrés Mosquera, ten feito a súa biografía onde podedes ver como dende cedo, implicouse no estudo da cultura galega, no traballo social na súa Vila natal, e no impulso da arte galega. Coa guerra civil española do 36, Bello Piñeiro, colleu medo – a que o paseasen- e pechouse na casa, collendo adicción ao alcohol, e para congraciarse co Réxime pintou 17 cuadros de Franco, así como de algún cargo militar de Ferrol. Temos en Ferrol o que se podería chamar a Capela Sixtina do Modernismo galego, que está no Casino Ferrolano, levantado por Ucha Piñeiro.

Si resalto a figura de Bello Piñeiro, é por que a súa figura e a súa obra na Galiza non están considerados, e mesmo en Ferrol tampouco, soio conta con unha rúa. A explicación está en que se trata da cultura galega, perseguida durante a guerra civil, e silenciada durante a longa noite de pedra. Felipe Bello Piñeiro, reconozamos é moito pouco coñecido.

E temos outra figura ferrolana, mais esquecida que a anterior IMELDO CORRAL-1889-1976-pero que foi outro dos grandes pintores galegos da paisaxe. Alabado por Castelao e demais nacionalistas de primeira hora.

Pero si falamos de Lloréns, Abelenda, Castro Gil, Seijo Rubio, María Corredoira, Suárez Couto, Sobrino, etc et. Seguramente a moitos de vós non vos sonan. Son artistas galegos que son silenciados, o que quere decir, que están doblemente mortos. Por qué este silencio ?. Por que todo aquel sistema artístico, de pintores, escultores, exposicións, críticos, periódicos, etc que comenzou a montarse a partires de 1912 foi esfarelado polo levantamento fascista do 36. Cerraron periódicos, asasinaron artistas, e moitos de eles tiveron que exiliarse. Os que quedaron sufriron un desterro na propia Terra, que seguramente é peor que o exilio. Foi o caso de Maside ou Manuel Torres. E logo son silenciados porque no ensino, en especial no sistema universitario galego nunca se falou de eles, non se ensinou nin se ensina a Historia da arte galega.

A situación da arte galega, é peor que o que sucedeu coa Literatura galega. Cando menos para ista creouse a Cátedra de Linguística e Literatura galega na Universidade de Santiago no ano 1972, sendo o seu primeiro titular don Ricardo Carballo Calero, outro represaliado. Mais a arte galega non ten status de cátedra na Universidade. Polo que a arte galega é silenciada, o que quere dicir que é matada.

A arte galega estúdiase -o que teñen a ben dar- dentro da Historia da arte española, e moitas veces como no caso da pintura de paisaxe, teñen que adaptar os conceptops, fan trampas conceptuales e mesmo falsedades históricas para poder adaptar a paisaxe galega a historia da arte española. Neste caso consiste no adxetivo : regionalismo.

Pero a pintura de paisaxe galega non se explica dentro do sistema artístico español, por iso puxéronlle o nome de pintura regionalista, para diferenciala da pintura netamente española. Temos a pintura española e a pintura regionalista. E a definen como un post-impresionismo, para que lles cadre co tempo no que se da. Segunda e terceira decena do século XX. Pero o assimilar a pintura de paisaxe galega co post-impresionismo é un falsedade conceptual. Por que o impresionismo todos sabemos que se define como a pintura que capta a luz. Cando Monet pinta o seu cadro Impresión que da nome a pintura impresionista,

non hai paisaxe. Busca definir a luz do mencer. Pintan paisaxe, ou cidade como excusa. Pero para os pintores galegos o principal non era a luz, era captar a paisaxe galega.

Cando o reino de España, perde as derradeiras colonias en Cuba e Filipinas, a finais do século XIX, e con unha forte crise económica, houbo unha xeneración de intelectuais, coñecidos como a xeneración do 98, que se replantean o pensar España. Son Unamuno, Azorin, Pio Baroja, Maeztu, e logo os achegados a eles na intención inda que non no tempo, como Menéndez Pidal, Ortega y Gasset. Esta xeneración atópase con unha España, que estaba reducida a Península Ibérica, e algún territorio en Marruecos, onde a vella España, voltará a tropezar nos anos 20. Esta xeneración do 98 non é mais que a representación do nacionalismo español que tras da crise finisecular trata de fixar posicións. Estes intelectuais, como nacionalistas españois, cometen un grande erro, que hoxe inda estamos a padecer. Conciben unha España nucleada ao redor de Castela, que para eles é a esencia de España. Castela é España, e España é Castela. Por iso a Historia que se fai é a historia de España, a historia da literatura é a historia da literatura española, a historia da arte é a historia da arte de España. A Historia de Galiza, soio ten interese para eles cando forma un complemento da historia de Castela.

Para a historiografía española, o reino suevo constituído na Gallaecia do séc. V, e que foi o primeiro reino establecido na Europa tras do Imperio romano, está asimilado ao reino visigodo, cando éste foi posterior e durou menos que o suevo. A arquitectura sueva que se conserva para os historiadores da arte española, pasa a ser ou arquitectura visigoda ou mozárabe, por que aparece o arco de ferradura. Non queren saber que os suevos tiñan contactos co Imperio bizantino, de onde trouxeron o arco de ferradura e mais o sistema teocrático do poder manifestado nos Concilios, que logo copiarían os visigodos. A Afonso VIII,- 1188-1230- como nos lles cadraba, nomeano Alfonso IX. A iste respecto escribe Camilo Nogueira :

“A estas alturas resulta penoso ter que lembrar que o rei Afonso VIII xace na Capela Real da catedral de Santiago, chamada até hai pouco Capela das Reliquias nun insólito exercicio de negación do propio. Están alí tamén os restos do seu pai Fernando; a emperatriz Berenguela, súa avoa, muller de Afonso VII; Raimundo de Borgoña, pai do emperador: Joana de Castro esposa de Pedro o Cruel e irmá de Inés de Castro, raiña de Portugal e os do seu fillo Fernando de nai portuguesa qu, morto cando aínda era novo, en 1214, tiña o carácter de herdeiro”.

Tamén lembra Camilo Nogueira que o rei Afonso VIII foi o fundador da Universidade de Salamanca no 1218 “con mestres e escolares galegos. Que “

“ a base da institución salmantina foi a Escola catedralicia de Santiago, fundada no século XI no otempo da emperatriz galega Sancha e que a Universidade de Salamanca como consta no seu Cartulario foi desde o principio galaica. Os arcebispos de Santiago ostentaron o reitorado durante a Idade Media e os profesores, formados en Santiago, en París ou en Boloña, eran na súa maioría galegos. Reunindo en 1188 unha Asemblea en que ademais da nobreza e a Igrexa participaron as cidades, Afonso VIII foi asemade un precursor do parlamentarismo europeo”.

Tanto Camilo Nogueira como Anselmo López Carreira, son os que teñen traballado sobre a manipulación que xente como Menéndez Pidal e os seus seguidores teñan feito para conformar unha Historia de España. Mesmo o nome do reino de Galicia é trocado polo reino de León, dí Camilo :

“Levada alí desde Compostela polo rei Ordoño II, León era a cidade onde nese momento estaba habitualmente a Corte. Era a “civitate vocatur Legione, in Gallaecia”, como sinalaban os documentos históricos e como lembra a cita traída por José María Maravall”.

Si me extendín un pouco no tema das alteracións históricas, é para salientar como no tema da Historia da pintura resultoulles mais doado, xa que non se trata de confrontar documentos, senón de sentar cátedra. E así no tema da pintura mesmo historiadores da arte de signo progresista aceptan sin máis o termo de regionalismo.

O que non cabe dúbida é que a pintura de paisaxe en calqueira parte do occidente onde se dou a pintura , vai asociada á burguesía. En España, deuse este tipo de pintura a mediados do século XIX e non tivo moito éxito, por que se prefería a pintura conservadora, que facía cadros de Historia. Rosales, Fortuny...Un bó representante desta pintura foi un galego, Pérez Villaamil, que foi o primeiro cadeirádego de pintura de paisaxe na Escola de San Fernando. Pero sería Martín Rico, o millor paisaxista español e que tivo que salir a Francia e Italia para ser recoñecido.

Na Galiza a pintura de paisaxe nace co vento a favor, dunha época económica boa como foi a segunda década do século XX e co traballo das Irmandades da Fala, reivindicando o termo nación. No 1918 decláranse nacionalistas “para sempre”, como decían eles. Ferrol sírvenos de exemplo de como a segunda e terceira década do século XX fora economicamente boa, por que foi cando no Barrio da Magdalena se levantan as preciosas casas modernistas deseñadas por Rodolfo Ucha. Moito deste despegue económico tivo que ver co Plan Maura para o naval no 1907. Pero tamén no sur de Galiza o naval tivo auxe coa construción de barcos para a pesca, e esta arrastrou un crecemento na conserva. O agro tamén tivo un auxe coa exportación de carne, e fundamental foron tamén as remesas da emigración.

A pintura de paisaxe tamén se facía con grande calidade en Catalunya por estes anos, e con menos calidade en Euzkadi, seguindo o desenrolo das reivindicacións nacionalistas que nacían naquela época, ao amparo da nova clase social : a burguesía. En Catalunya habería que sinalar a Joaquín Mir ou Santiago Rusiñol e no país vasco a Manuel Losada.

No resto de España por estes anos dominaba unha pintura moi conservadora, apoiada pola xeneración do 98, como era a de Ignacio de Zuloaga, ou a de Romero de Torres. Quedaba a pintura iluminista de Sorolla,(1863-1923) é de tinte mais progresista e que era moi apreciada no extranxeiro.

E curioso que o noso Valle Inclán, que apoiaba a pintura decadentista e mala de Romero de Torres, negaba todo tipo de pintura galega.

Voltando a pintura de paisaxe, ésta sempre existiu, dende Grecia. Pero era unha pintura que servía de marco, onde sucedían cousas. Pero a paisaxe como xénero naceu nos Países Baixos, o que se coñece como Holanda. Nos primeiros anos do XVII, desenvólvese aló a loita pola independencia do Imperio Español, ao mesmo tempo que se da a Reforma Protestante. Agora neste contexto nace a pintura de paisaxe. A burguesía holandesa que a vez que promovía a independencia era quen de crear o máis grande imperio marítimo xamáis coñecido, quería ver decorada a súa casa, con temas da nación que reivindicaban. Así aparecen os Ruysdael-1600-1670- ou os Van Goyen, -1596-1656- Hobbema,-1638-1709-etc. Ou o gran Vermeer de Delft,-1632-1675- e todo dentro do século XVII.

Tamén Turner 1775-1851-ou Constable, 1776-1837-cando o imperio inglés, sofre a perda das colonias americanas a finais do XVIII, son a expresión dese nacionalismo que pretende resaltar o propio. Así adícanse a pintar o rural inglés, con grande éxito.

E como último exemplo de que a pintura de paisaxe nace co sentimento nacionalista, quixera lembrar a Escola de Hudson. Eran pintores de finais do XIX, cando es EEUU estabanse a conformar como unha grande nación. Thomas Cole-1801-1848- ou Asher Durand-1796-1886, estaban imbuídos por facer pintura da paisaxe americana, pero ao mesmo tempo estaban condicionados pola súa relixiosidade calvinista, polo que buscaban paisaxes primitivas, onde poidera albiscarse a man de Deus.

A pintura da paisaxe na Galiza comenza cando nace unha pequena burguesía, que como dixemos, fai os ensanches das cidades galegas e trae o modernismo. Por un lado foi a economía, que iba vento en popa e por outro lado foi o nacemento das Irmandades da Fala no 1916. Si uns poñían os cartos outros poñían a teoría.

No 1912 faise a primeira exposición de pintores solamente galegos, en Madrid. Felipe Bello Piñeiro foi o que a ideou e a organizou. Tal foi o éxito que seguíronse facendo exposicións pero xa na Galiza e logo na emigración. Grazas ao traballo das Irmandades os pintores galegos comenzaron a pintar a nación. Tiñan un traballo preliminar, que era conseguir unha pintura auténticamente galega. Ao principio seguían o iluminismo de Sorolla, dando cores mediterráneas que non cadraban coa paisaxe galega. Nesto distínguese Lloréns, que consegue pasar da estética mediterránea a estética atlántica. Este debate dábase a primeiros do século XX, no que estaba Eugenio D'Ors en Catalunya e Vicente Risco na Galiza. E Lloréns -1874-1948-consigue facer pintura por tema e por colorido galega.. Pero haberá quen o negue. Un foi Valle Inclán e outra a Condesa de Pardo de Bazán que negaban que puidese haber pintura galega.

Bello Piñeiro, seguramente o miñor paisaxista galego, e teórico da pintura galega

Manuel Abelenda Zapata

Imeldo Corral

Castelao

Esta xeneración terá continuidade coa xeneración dos Novos ou Renovadores. Seoane, Colmeiro, Maside, Torres,etc. Xenración que comenza a traballar nos finais dos anos 20.